



Ás 16:00 horas do próximo mércores día 2 de maio terá lugar a proba do globo cativo de MarumaSat III, nas instalacións do IES Maruxa Mallo de Ordes na que participarán asemade o IES Marco do Camballón de Vila de Cruces e o IES Miraflores de Oleiros, todos eles compoñentes da Axencia Espacial Escolar Galega, NOSA.

Tamén foi convidado a participar na experiencia o IES Xelmírez II de Santiago que poñerá a proba a operatividade das novas aplicacións para a obtención de datos científicos que sirvan á mellora das futuras viaxes.

Nesta ocasión incorporárase aínda outra innovación; a utilización dun DRON para obter máis imaxes aéreas externas do globo e a cápsula.

A solta do globo de helio ten o primeiro permiso de AENA para as 12 da mañá do luns 7 de maio para levar a cabo a misión “Niño no faro” tratando de obter imaxes estratosféricas a máis de 35.000

metros de altura do fenómeno do ocaso da lúa diurna.

O novo deseño da cápsula tratará de facela visible dende outros satélites reflectindo a modo de espello a luz solar dende a súa cuberta superior. Entre os numerosos experimentos científicos debemos destacar o desafío biolóxico de facer que naza un animal na nosa estratosfera coa eclosión sincronizada dun ovo de abella.

Mais o proxecto contén tamén unha faceta humanística nova: poñer nos ceos os poemas vencedores do I Premio de Poesía Estratosférica.

AENA concedeunos xa no seu permiso unha segunda data de lanzamento en previsión de que as condicións atmosféricas do día 7 de maio impidan a recuperación da cápsula. Será o martes 29 de maio á mesma hora e desde idéntico lugar: ás 12 da mañá no IES Maruxa Mallo, nas Casillas, Ordes.

Para máis información contacten con:

revistaqueique@gmail.com

Xosé Manuel Fernández Castro

Secretario de NOSA (Axencia Espacial Escolar Galega)

676 898 817

Véxase un informe máis detallado e con enlaces aquí:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmaruxamallo/system/files/Informe%20do%2024%20de%20abril%20sobre%20NOSA.pdf>